

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



Expediente 8173-252

### INFORME-PROPOSTA

## **RESPOSTA ÁS ACLARACIÓNS FORMULADAS E CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO**

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro municipal do Concello de Vigo en data 27/05/2024 e os seus anexos (do nº1 ao nº 11) asinados coa mesma data e fichas das instalacións con referencia 134, 135, 177, 205, 206, 207, 208, 210, 220, pertencentes ao anexo 2 asinadas polo mesmo técnico en data 07/08/2024.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 09/08/2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 10.421.802,45 euros (parte fixa 10.150.919,75 €, parte variable 270.882,70 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.808.742,57 euros (parte fixa 1.761.729,87€, parte variable: 47.012,70 €).*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9200.227,00,00 "LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVIZOS MUNICIPAIS", de acordo coas seguintes anualidades:*

Ano 2024 (dende o 1 de novembro)	415.099,61
----------------------------------	------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 1 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Ano 2025	2.524.900,79
Ano 2026	2.579.882,72
Ano 2027	2.645.462,67
Ano 2028 (ata o 31 de outubro)	2.256.456,66
	10.421.802,45

Se a execución do contrato se iniciase máis tarde da data prevista (1 de novembro de 2024), os créditos para a execución do primeiro ano do contrato serán axustados de forma proporcional á data real do inicio, sempre dentro da anualidade correspondente, e tendo en conta o importe ofertado polo adxudicatario. Neste sentido, o prazo do contrato quedará determinado pola data para o inicio que se determine na formalización do contrato, e a súa finalización quedará sempre fixa na data do 31 de outubro de 2028, salvo a aprobación da prorroga prevista. Deste xeito, o prezo do contrato quedará determinado pola parte proporcional que corresponda ás mensualidades da primeira anualidade (ano 2024 ou o seguinte 2025 en caso de iniciarse con posterioridade ao día 1 de xaneiro do 2025), segundo o prazo real definido pola data de inicio, máis o resto das anualidades ata o día 31 de outubro de 2028. Estes importes determinaranse a partir dos importes que para cada anualidade teña ofertado o adxudicatario.

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

**Segundo.-** O 13 de agosto de 2024 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

**Terceiro.-** Aberto o prazo de presentación de proposicións, formuláronse as seguintes solicitudes de aclaración dos pregos:

**"Pregunta 1-** Buenas Tardes, revisando la extensión del plan de servicios para cada apartado, encontramos discrepancia en el número de páginas en letra y en número:

Ejemplo: "O apartado PV1 presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de noventa e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (29 caras, 4MB).

¿podrían indicarnos cuál es la extensión para cada apartado?. Gracias. Un saludo

**Pregunta 2-** Buenos días,

1. En el PCAP, página 52, no coincide en letras y cifras la extensión de los documentos de Plan de servicios. ¿A qué límite debemos atenernos? Muchas gracias."

**Cuarto.-** En relación coas preguntas formuladas, o 20 de agosto de 2024 o Xefe de Limpeza emitiu o seguinte informe:

"Recibidas as seguintes preguntas na plataforma de contratación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 2 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



Expediente 8173-252

" 1- Buenas Tardes, revisando la extensión del plan de servicios para cada apartado, encontramos discrepancia en el número de páginas en letra y en número: Ejemplo: "O apartado PV1 presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de noventa e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (29 caras, 4MB). ¿podrían indicarnos cuál es la extensión para cada apartado?. Gracias. Un saludo

2- Buenos días, En el PCAP, página 52, no coincide en letras y cifras la extensión de los documentos de Plan de servicios. ¿A qué límite debemos atenernos? Muchas gracias."

Procede indicar a este respecto que a limitación correcta en número de follas de cada documento é a indicada en número, que é a menor das dúas en todos os casos.

PV1 - 29 caras

PV2 - 29 caras

PV3 - 19 caras

PV4 - 19 caras

PV5 - 19 caras"

**Quinto.-** Á vista do informe transcrito estamos ante un erro de transcripción detectado no prego de cláusulas administrativas particulares.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos**

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro de transcripción no prego de cláusulas administrativas particulares, en concreto no apartado 6.A) CONTIDO DO SOBRE B, do Anexo I (FEC).

Así, onde dí:

"O apartado **PV1** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de noventa e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**).

- O apartado **PV2** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de corenta e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**), que deberá estar complementado por un arquivo de fichas cunha extensión máxima de cen follas en formato DIN A4 por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 3 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

unha cara e cunha cantidade de información máxima de cinco Megabytes (**100 caras DIN A4, 5MB**).

- O apartado **PV3** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV4** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV5** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de trinta e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**)."

Ten que dicir:

- "O apartado **PV1** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**).
- O apartado **PV2** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**), que deberá estar complementado por un arquivo de fichas cunha extensión máxima de cen follas en formato DIN A4 por unha cara e cunha cantidade de información máxima de cinco Megabytes (**100 caras DIN A4, 5MB**).
- O apartado **PV3** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV4** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV5** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**)."

## -II-

### Da ampliación dos prazos de presentación de ofertas

O artigo 136.2 da LCSP establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:

- Cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP.
- No caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 4 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



Expediente 8173-252

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte os seguintes extremos:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigas do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

E con relación coa duración da prórroga determina que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

### -III-

#### **Natureza non significativa da modificación e improcedencia da ampliación do prazo**

No caso que nos ocupa o erro detectado que determina a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares é un mero erro de transcripción que ten a consideración de erro material por ser un erro no que concorren as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

A cualificación do erro como "material" permite, en consecuencia, a corrección do prego en base ao disposto no artigo 109.2 da LPAC.

En consecuencia, non sería preciso ampliar o prazo de presentación de ofertas.

### -IV-

#### **Competencia**

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 5 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

correspóndelle á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023.

Fundamentada a natureza non significativa da modificación, a competencia para aprobar a corrección de erros tamén lle corresponde á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023.

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

En base ao anterior, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a adopción da seguinte resolución:

*"1º.- Rectificar a cláusula 6.A) CONTIDO DO SOBRE B, do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo (8173-252), que quedarán redactados como segue:*

- *"O apartado **PV1** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**).*
- *O apartado **PV2** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**), que deberá estar complementado por un arquivo de fichas cunha extensión máxima de cen follas en formato DIN A4 por unha cara e cunha cantidade de información máxima de cinco Megabytes (**100 caras DIN A4, 5MB**).*
- *O apartado **PV3** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).*
- *O apartado **PV4** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).*
- *O apartado **PV5** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de dezanove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**)."*

*2º.- Aprobar as respostas á cuestións formuladas contidas neste informe.*

*3º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova".*

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa da Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, PD, a técnica de Administración Xeral (delegación do 19 de agosto de 2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 6 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



Expediente 8173-252

**Enténdese que a fundamentación xurídica do informe proposta, ao estar xustificada a necesidade de modificación non significativa, realiza unha interpretación axustada a dereito, sen prexuízo do que resulte do informe da Intervención Xeral**

Vigo, na data da sinatura dixital

A titular da Asesoría Xurídica, PA, a letrada-xefa de Asesoramento

Non afecta ao gasto, o interventor xeral

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023)

**Dou fe**, a secretaria de Goberno Local P.D. o secretario xeral do Pleno (delegación de data 14 de agosto de 2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 10:06	Páxina 7 de 7
8173-252	CSV: A5A658-49A2CD-E6A8A5-4VW4YU-FREJ1B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		